



BOLETIN DE COMUNICACIÓN

Apelidos e Nome: Martín Martínez, Juan Francisco

Enderezo: Rúa Amor Ruibal 30-32 baixo

<i>C.P.: 15.702</i>	<i>Localidade: Santiago de Compostela</i>	<i>Provincia: A Coruña</i>
<i>Tel.: 981 56 87 05</i>	<i>Fax: 981 56 87 13</i>	<i>E-mail: xantarnacasa.consortio@igualdadebenestar.org</i>
<i>Profesión: Técnico</i>		<i>Centro de Traballo: Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar</i>

TÍTULO

Autores

Centro de Traballo

CIDADE

Modo de presentación:

- Oral
- Póster
- Indiferente

Medios Técnicos:

- Diapositivas
- Transparencias
- Informática: Power Point

Área:

- Clínica
- Social e comportamento
- Asistencial

Por favor, cubrir este formulario segundo as normas ó dorso, e envía-lo (orixinal, dúas copias e unha en formato electrónico) a:

XXI Congreso da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría
Apartado de Correos, 2
Castro Ribeiras do Lea
27260 LUGO
21congreso.sgxx@gmail.com

Data límite de recepción:
8 de Abril de 2009 Sinatura:

Xantar na Casa: cara á vertebración do territorio dende un servizo de calidade. Martín Martínez, Juan Fco. (Traballador Social) e Vázquez Piñeiro, A. (Médico diplomado en medicina xeriatrica)
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
Santiago de Compostela

RESUMO

DEFINICIÓN

O Xantar na Casa é un servizo social de proximidade e especializado de comida a domicilio que facilita e garante unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades de persoas maiores e/ou dependentes e persoas en situación de risco e/ou exclusión social.

OBXECTIVO

O obxectivo principal é mellorar o nivel de benestar e de calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes, e tamén das súas familias, manténdolas no seu contorno comunitario e retardando ou evitando a institucionalización proporcionándolles unha alimentación nutritiva e de calidade.

IMPLANTACIÓN

O programa “Xantar na casa” é un modelo de xestión interadministrativa compartida entre os Servizos Sociais comunitarios e o Consorcio Galego que inicia a súa implantación no cuarto trimestre do 2008 en 84 concellos, estando presente agora en 125 e chegando a finais do presente ano a metade dos concellos de Galicia.

METODO

Basease no uso da tecnoloxía alimentaria (proceso de abatemento, liña en frío, barquetas de polipropileno, rotación menús..) e apoiase nos controis hixiénico-sanitarios pertinentes. O reparto realízase unha vez á semana no enderezo da persoa beneficiaria. Éstas poden acceder a calquera dieta, dependendo das súas necesidades nutritivas e baixo prescrición médica. No finzamento deste servizo utilízase un modelo de copago no que participan a persoa beneficiaria, o concello e a Xunta de Galicia a través do Consorcio Galego.

Complementos do programa: teléfono 24 horas, electrodomésticos (microondas, neveira e menaxe) en réxime de depósito,...

RESULTADOS

Nas enquisas de satisfacción realizadas ás persoas beneficiarias valoran como moi bo tanto o servizo (78%) coma a calidade do mesmo (92%).

O Xantar na Casa reparte unha media de 1400 menús ao día, chegando ao final do ano aos 1700 menús diarios, o que suporá cerca de medio millón de xantares repartidos ao longo do ano 2009.

CONCLUSIÓN

O programa Xantar na Casa contribúe a homoxeneización e vertebración do territorio utilizando os mesmos criterios de calidade e trato personalizado independentemente do lugar onde se resida no territorio.